



D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. José Ignacio Caamaño
Agrafojo

Vicepresidente

D. Ramón Souto Pérez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

*Pte. Comité Mar Rocha e
Embarcación fondeada*

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado A Coruña

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos

D. Manuel Rodríguez Meira

Presidente de Xuíces

D. Gabriel Fernández Vázquez

Delegado Ourense

Delegado Pontevedra

D. Benigno Fco. Rodríguez
Bejarrano

Subdelegado Ourense

D. Pedro Bolaño Pérez

*Pte. Comité Mar Costa/Corcheo
e Spinning*

Pte. Comité Auga Doce

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnen-se o **sábado día 9 de Novembro de 2019** en Casa Garea, lugar da Portela s/n, Castañeda, 15819 Arzúa, para trataren a seguinte

ORDE DO DÍA

1. Trocos na Xunta Directiva.
2. Informe do Presidente.
3. Estado de contas 2019.
4. Calendario deportivo 2020.
5. Propostas.
6. Tarxetas identificativas.
7. Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 9:30 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- Trocos na Xunta Directiva.

O Presidente informa ao resto dos membros da xunta directiva que por mor de problemas persoais, o Delegado Provincial de Ourense ten que deixar o seu posto, quedando no seu lugar D. Gabriel Fernández Vázquez e presenta o novo Subdelegado Provincial de Ourense: D. Benigno Francisco Rodríguez Bejarano.

2.- Informe do Presidente.

O Presidente informa sobre a derradeira Reunión coa Directora Rexional o 4 de novembro de 2019 en Santiago de Compostela onde o felicitou polo traballo que estaba a desenvolver a Federación Galega de Pesca e Casting.

Tamén comenta que está a estudar varios presupostos de aseguradoras para establecer un seguro de responsabilidade civil, a través da FGPeC, que cubra aos clubs cando organicen competicións propias e outras actividades sociais. O importe sería a repartir o total entre os clubs adscritos a dito seguro.

3.- Estado de contas 2019.

O Presidente fai balance económico dos gastos no que levamos de 2019 e a falta do remate da tempada e de dúas probas pendentes, estase a cumprir co orzamento previsto e soamente causa déficit os gastos xerados pola moción de censura presentada na Asamblea Xeral Extraordinaria do 5 de outubro de 2019. Comenta a necesidade de tomar medidas para que sexa viable o desenvolvemento das actividades deportivas da vindeira tempada 2020. Plantexa que, economicamente, ou se aumenta o importe da tarxeta federativa ou se vai ter que retirar os avituallamentos nos campionatos.



4.- Calendario deportivo 2020.

Debido a que o escenario inicial (Celanova) do 2º día do Autonómico de Salmónidos mosca foi, en gran parte, vedado este ano acortando moito o tramo disponible para desenvolver a competición, decideuse solicitar repetir o escenario do 1º día no Couto de Ponteliñares.

Gabriel Fernandez solicita o cambio de escenario do Open Presidente de Carballiño para o Couto de Valdriz no río Neira, alegando que dispón de vos accesos e área recreativa axeitada para os rapaces.

Fíxase o seguinte calendario provisional, quedando pendente de proposta definitiva que se elevará a Asamblea Xeral debido a posibles variacións nas datas por mor das competicións nacionais.

2	FEBREIRO			6	XUÑO		
O	Mar Costa Dúos	Fisterra - Laxe	22	S	Salmónidos Lance	Navia - Navia	6
3	MARZO			S	Salmónidos Lance	Penamil - Navia	7
O	Salmónidos Mosca Lago	Embalse da Fervenza (CO)	1	S	Salmónidos Mosca	Carboeiro - Deza	13
O	Pesca dende Rocha	A Coruña	8	S	Salmónidos Mosca	Taboada - Deza	14
P	Mar Costa Coruña- Lugo	Coroso - Aguieira	14	S	Embarcación Fondeada	Ribadeo	14
P	Mar Costa Ourense- Pontevedra	Montalbo/Major	14	A	Corcheo Mar 1º Día	A Coruña - Base Naval Ferrol	21
O	Spining	Carnota - A Coruña	22	7	XULLO		
O	Emb. Fondeada Dúos	A Coruña	28	A	Auga Doce 1º Día	A Rúa	5
4	ABRIL			A	Auga doce 2º Día	Portomarín	19
O	Mar Costa Veteranos	Covas - Area	4	O	Carpfishing/Feeder	Cachamuíña	24/25
O	Salmónidos Lance Dúos	Xallas/Beba - Xallas - A Coruña	5	8	AGOSTO		
O	Liga de Clubs Mar Costa	Coroso - Aguieira	18	S	Auga Doce 1º Día	Sta Cruz de Arrabaldo	2
P	Salmónidos Lance Ourense	Ribadavia - Avia	25	S	Auga Doce 2º Día	Rúa	30
P	Salmónidos Lance Pontevedra	Cerdedo - Lérez	25	9	SETEMBRO		
P	Salmónidos Lance A Coruña	Baio - Grande - A Coruña	26	S	Mar Costa 1º Día	Area Covas	19
P	Salmónidos Lance Lugo	Láncara - Neira	26	A	Mar Costa Damas 1º Día	Area Covas	19
P	Embarcación Fondeada	Fisterra	26	O	Black Bass Absoluto	Portoemouros ou Belesar	27
P	Embarcación Fondeada	Ribadeo - Lugo	26	10	OUTUBRO		
P	Embarcación Fondeada	Pontevedra	26	O	Mar Costa Dúos (clas 2021)	Area Covas	3
5	MAIO			A	Corcheo Mar 2º Día	Marín - Pontevedra	11
P	Salmónidos Mosca	Ronfe	2	S	Mar Costa 2º Día	Fisterra - Laxe	24
P	Salmonidos Mosca	Aranga - Mandeo	2	A	Mar Costa Damas 2º Día	Fisterra - Laxe	24
P	Salmónidos Mosca	Boborás	3				
P	Salmónidos Mosca	Forcarei	3				
A	Salmónidos Lance	Verdes - Anllóns	9	P	Provincial		
A	Salmónidos Lance	Sta. Comba - Xallas	10	A	Autonómico		
A	Mar Costa	Laxe - Fisterra	16	S	Selectivo		
A	Salmónidos Mosca Veteranos	Ponteliñares - Liñares - (PO)	17	O	Open		
A	Embarcación Fondeada	Pontevedra	24				
O	Salmónidos Mosca Dúos	Hombreiro - Miño	24				
A	Salmonidos Mosca	Ponteliñares - Limia - (OU)	30/31				



CALENDARIO XUVENTUDE 2020		
COMPETICIÓN	LUGAR	DATA
Mar Costa Xuventude	Laxe - Fisterra	16 de maio
Salmónidos Mosca Xuventude	Couto Barbantiño	17 de maio
Embarcación Fondeada Xuventude Masc.	Ribadeo	14 de xuño
Embarcación Fondeada Xuventude Femi.	Ribadeo	14 de xuño
Auga Doce Xuventude		5 de xullo
Open Presidente	Valdriz – Rio Neira	8/9 de agosto
Black Bass Xuventude	Castrelo de Miño	20 de setembro

5.- Propostas.

- Proponse axudar economicamente aos deportistas que van os mundiais cunha aportación económica de 500€ por competidor.
- Proponse que os deportistas que compiten en categoría Absoluta e de Veteranos so poidan clasificar nunha das competicións para non privar de praza a outros posibles deportistas.
- Para favorecer aos clubs que teñen moitos deportistas nunha especialidade e non obrigar a estes a repartir os seus deportistas por outros clubs para poder competir, cando se faga a convocatoria dun Provincial, valorar a capacidade do escenario e despois de inscribir aos que teñen dereito segundo as tarxetas federativas de cada club, cubrir as restantes prazas ata que se cubra o total do aforo do escenario cos membros dos clubs sobrantes nesa disciplina cun importe de 20€/deportista. Ditas prazas serán cubertas en función do número de tarxetas federativas de cada club, establecendo un mínimo de 20 tarxetas federativas por club.
- Segundo a Acta da Asamblea Xeral Ordinaria do 13 de Marzo de 2016, punto 6, apartado a) o límite mínimo de deportistas para formar campionato quedou establecido en 12 deportistas. No caso de que nun Provincial no se acade dito mínimo de deportistas, antes de suspéndelo, proponse xuntar ese Provincial co de outra Provincia, sempre que o escenario o permita, clasificando igualmente de forma independente.
- Facer un novo curso de xuíces quedando pendente de confirmar data para o vindeiro ano.
- Realizar unha xornada de adestramento e tecnificación cos clasificados e suplentes para os Nacionais que compiten na modalidade de Salmónidos Lance e Mosca. Dita xornada terá carácter obrigatorio e inscrición gratuita. Proponse o 7 de marzo de 2020 no Couto sen morte do río Xallas.

Tras valoración e debate por parte da Directiva, todas as propostas quedan aprobadas por unanimidade.



6.- Tarxetas identificativas.

Despois de indicarnos o responsable da web da FGPeC que os problemas informáticos que presentaba a solicitude telemática da tarxeta federativa parecen estar solucionados, vaise volver a por en funcionamento dito sistema, pendente de confirmación do seu correcto funcionamento.

7.- Rogos e preguntas.

Todas as especialidades que compiten nos Campionatos Nacionais son sufragados pola FGPeC existindo dous formatos de pago actualmente facilitados pola Federación Española de Pesca. Plantéxase valorar a posibilidade de unificar nunha sola modalidade de pago para igualdade de todos os deportistas.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 14:15 horas. Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes
Secretario

Vº e Prace: Manuel Mouzo Méndez
Presidente